


FRANCISCO ANTONIO VIDAL



Ollos de anxo da morte





Son os tempos da posguerra. Nunha tranquila vila da Baixa Limia, Santa Comba do Tumbia, que non coñece a electricidade nin sente necesidade dela, os seus veciños van enfrontarse a un progreso que non respecta o pasado.

Córrese a voz de que queren facer unha "fábrica de luz". Semella que nada ten por que cambiar. O balneario a onde os veraneantes acoden a tomar as augas, o comercio clandestino a través da fronteira con Portugal, a súa vida rutinaria de sempre, non debería verse alterada pola construción dunha fábrica sete ou oito quilómetros río abaixo. Pero de súpeto, o rumor, a desconfianza e os espaventos promovidos por personaxes históricos que tiveron relación directa no pasado con Santa Comba, irán facendo aparecer a verdade do que lle agarda a antiga vila.

Francisco Antonio Vidal é colaborador de varios periódicos e revistas desde 1979, con artigos de costumes e técnicos. Nos primeiros anos da década dos 80 publicou unha serie de colaboracións baixo o título xenerico de "Ciencia, Técnica e Trebellos" no semanario *A Nosa Terra*. Despois de recibir por "Ollos de Anxo da Morte" o premio de narrativa do Concello de Vilalba en 1992, nese mesmo ano acadou un accesit do Pedrón de Ouro polo conto "A Espiral da Fortuna". En 1994, o Ministerio de Cultura outórgalle unha bolsa á creación literaria para a novela "O Cuarto dos Ausentes". E tamén nese ano, a revista *Olisbos*, da facultade de Filoloxía de Santiago dulle un premio de literatura infantil polo conto "Piquiño Mouro". En 1995 recibiu un novo accesit do Pedrón de Ouro polo conto "As Voces da Conciencia", e en 1996 danlle o Breogan de narrativa que convoca o Centro Galego de Baracaldo polo conto "A Auga da Vida". Desde 1996 publicou semanalmente en *A Nosa Terra* temas relacionados coa etnografía baixo o título xenerico "Camiño Vello, Congostra Nova". Foi directivo da A.C. "O Facho" de A Coruña e da Asociación "M. Murguía" de Oseiro.

TOXE SOUTOS

Chan de Maroñas, 2
Obre • 15217 NOIA